

O novo mundo de Olga Novo

CARMEN BLANCO
Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

bailar en maio exactamente igual que se reventaras uvas
Olga Novo

Dicir Olga Novo (Vilarmao, A Proba do Brollón, Lugo, 1975) hoxe xa é dicir “novo mundo” ou “mundo novo” pois no conxunto da súa obra creou un “novo mundo”, no dobre sentido do termo, porque representa unha novidade e porque é propio dela. Este novo mundo ten dúas xa tamén grandes dimensións, a ensaística e a poética, e nas dúas Olga Novo mostra a súa particularísima brillantez. O seu ensaio é, á vez, preciso, poético e apaixonado e ten callado en tres libros, dous editados nos noventa, *Por un vocabulario galego do sexo. A terminoloxía erótica de Claudio Rodríguez Fer* (Santiago de Compostela, Edicións Positivas, 1996) e *O lume vital de Claudio Rodríguez Fer* (Santiago de Compostela, Libros da frouma, 1999), e un de recente publicación, *Uxío Novoneyra: Lingua loaira* (A Coruña, Caixa Galicia, 2004), que foi Premio de Investigación Ánxel Fole; mais foron moitos outros os temas obxecto de ensaio en publicacións periódicas: os poetas Xohana Torres, Fernando Pessoa e Antón Avilés de Taramancos, o cantautor libertario Leo Ferré, o artista surrealista Eugenio Granell, o erotismo, etc.; e tampouco non podemos esquecer dúas actividades próximas como o seu exercicio da crítica literaria e a súa iniciativa cultural no consello de redacción de revistas como *Ólisbos*, *Unión libre*. *Cadernos de vida e culturas* e *Xistral*, e na coordinación da publicación *Valdeleite*. Por outra parte, a súa poesía conforma un mundo furibundamente vitalista, á vez, sensual, erótico, pánico, carnal, telúrico, mariño e solar, cun clamor exultantemente libertario e cunha lingua de ruptura neosurrealista enraizada en Vilarmao, o seu lugar natal. É este un mundo que canta a sensualidade do cosmos e a alegría de vivir, nas entregas poéticas *A teta sobre o sol* (Santiago de Compostela, Libros do Dragón, 1996; Santiago de Compostela, Letras da Cal, 1999), *Nós nus* (Vigo, Edicións Xerais, 1997), *Magnalia* (A Coruña, Espiral Mayor, 2001; en colaboración co poeta Xoán Abeleira), e *A cousa vermella* (A Coruña, Espiral Mayor, 2004).

Falamos do novo mundo de Olga Novo, pero aínda non dixemos o máis importante: Olga Novo é unha das mellores mulleres do mundo, un deses seres imprescindibles que coa súa existencia fan que a vida mereza a pena ser vivida. E ocorre ade-

mais que os seus poemas son exactamente igual a ela ou como di en *A cousa vermella* ela é exactamente igual aos seus poemas: “Os teus ollos anuncian a folga indefinida dos obreiros / cando me dis amor que eu son exactamente igual aos meus poemas” (2004: 34). Así que é a súa, pois, unha poesía imprescindible. Imprescindible para a vida. Para a vida boa. Porque clama pola alegría de vivir e pola necesidade imperiosa de ser feliz. Por isto di cousas como “cres que todo precisa unha enorme e alegre desproporción vermella” ou “remexo cos nocellos tódolos meus argumentos para ser feliz” (2004: 82) e loita por “aniquilar o son triste das buguinas nos portos” (2004: 36). Imprescindible é, entón, esa *cousa vermella* última, como antes o foron as dúas *tetas sobre o sol* (pois realmente se trata non só de dúas edicións, senón de dous libros distintos nas diferentes versións) e como antes foi imprescindible *Nós nus*.

O EXPLOSIVO VITALISMO DE A TETA SOBRE O SOL

A entidade Edicións do Dragón acometeu a publicación do primeiro libro dunha entón novísima escritora coñecida con anterioridade polo seu labor crítico: o poemario *A teta sobre o sol* (Edicións do Dragón, 1996)¹ de Olga Novo. É esta unha obra artística única, xa que cada exemplar vai enteiraamente manuscrito pola propia autora e envolto nunha carpeta con portada orixinal de Antón Caamaño, tal como acostuma facer a casa responsable da publicación, aberta á arte e á poesía nova.

Máis alá das liñas poéticas dominantes ou que pretenden selo, a poesía galega dos últimos anos do século foi un proteico magma enriquecido con múltiples opcións e diversos camiños, máis ou menos tradicionais ou innovadores, nos que participaron figuras literarias procedentes das distintas xeracións nese momento vivas, que van desde as persoas integrantes da do 36 ata a xente máis noviña. Neste floreciente panorama poético produciuse na década dos noventa unha significativa irrupción da creación de mulleres, propiciada sen dúbida por unha apertura liberadora da subxectividade feminina, e unha maior atención por parte das editoriais á escritura deste sexo, de longa e importante tradición galaica desde Rosalía de Castro. Mais, estas novas condicións favorables agromaron nun terreo que viña sendo cultivado polos esforzos levados a cabo por unha pequena minoría nos anos anteriores.

Dentro dese contexto xeral, *A teta sobre o sol* encádrase nunha liña poética radicalmente vitalista que trata de sobrepassar todos os límites impostos polas coercións sociais e lingüísticas en nome dunha apertura libertaria de fronteiras:

eu chegara coma louca
coidando de non romperme coma un cristal de muraro
no centro mesmo da explosión da vida

e penso se realmente foran feitas para ti
as opostas coordenadas dos espazos pechados,

¹ Como dicíamos, con posterioridade a esta edición sen paxinar, a obra foi reeditada en versión revisada pola autora, facendo dela nalgúns aspectos un novo libro. Nesta nosa lectura atémonos á primeira edición.

se chegaras xa a tódolos portos
e viras a desolación

e todo canto se pode meter nos ollos
e facer daquilo un día de festa.

E así estamos ante un libro cheo de vida no que se sente a necesidade imperiosa de zugar cada minuto da existencia, apurando ao máximo o tópico do *carpe diem* en todas as súas variantes, para gañarlle a carreira ao tempo e á morte:

tempus fugit pola miña cona
e absolutamente
amarte
é xa
irreparable

e agora eu só penso
en comer
rabiosa
a rosa
do collige virgo.

Pero sobre todo revélasenos unha escrita na que latexa en todo momento o desexo frenético de vivir e de facelo coa maior intensidade posible e como se fose o máis natural:

hai que bordea-lo son ó pé do último acorde
e escorrerte como se corre o risco
de estar á vida
como se está á morte.

Igual que xurra a existencia, este vitalismo exultante discorre polos versos volto calor dos corpos, tacto da carne e da pel, fluír das augas e os líquidos, desexo animal e primixenio ou ansia insaciable de coñecemento humano:

muar. muar coma o ventre dunha vaca
que precisa do orgasmo coma un facho
para correr
polas estancias da vida.

a min,
primeiriza nos partos
chámame o mar para romper augas.

E, así, a linguaxe rómpese surrealista para acompañarse á forza profundamente necesaria dos soños, recollendo toda a memoria do mundo acochada na riqueza léxica mamada desde a nenez no Vilarmao natal e adaptándoa ás luces novas de choque da fin do noso milenio:

aquilo era a maduración final de toda a miña lava
e a entoación rotunda dos meus cantos de nena
a absoluta forza coa que tiraba polo carro
recibindo o alento dos beizos da outra vaca.

bailar en maio exactamente igual que se rebentaras uvas
deixarte alimentar beber coma quen vive
o leite derradeiro
saíndo dunha teta disposta sobre o sol.

Este empuxe exultante do libro é creación explosiva da “nena total” que o compuxo e que tira rabiosamente “ao monte” da poesía, porque é “tratante de palabras / coma de gando” e leva nos seus versos un estertor vital como o “muar das vacas”. Por isto a súa lectura deixa en nós para sempre o seu anxeio bestial de vivir “correndo como louca polas rúas”, para meterse co seu corpo “no centro mesmo da explosión da vida” e permanecer no interior dunha poesía incandescente, de paixón ardente, que non quere o frío “pan dos tristes”, que quere beber o leite quente, cocer o amor a lume lento, tirarse ao monte e ao mar como se rompese augas e bailar freneticamente a danza das abellas, acompasándose á forza dos enormes vendavais, ata “rebentar de cara adentro / co sol e o mar e cantos lumes sexan conservados na memoria”.

Non podemos ser indiferentes ao entusiasmo desta escritura materialista e sensual do discorrer da vida, na que falan os desexos e os soños máis profundos dunha muller que os berra, con táctiles palabras de auga, de carne ou de terra, para que se fagan absolutamente posibles:

por ti foi a orde de ceibar cabalos polas gándaras
cando aínda non había indicios da soberbia luz
e había que ferver auga por auga o corpo da muller nas areiras
ela levaba arrastro unha maneira de auga-la tarde
desprovista toda do silencio
conservaba intacto o cheiro colosal dos labios en cuarto crecente
convertida en ornamento de faunas musicadas
e o arrollo dunha xoía en prata batida contra os cons.

A UTOPIÁ COMUNAL DO NÓS NUS

Comunidade núa

O poemario *Nós nus* de Olga Novo confirma definitivamente a voz auténtica e persoal dunha poeta que sabe o que fai e o mundo novo que entrega no seu exultante vitalismo materialista e sensual. A poeta é profunda coñecedora das mensaxes todas da terra e das extralimitadas procuras eróticas, a través do estudo das poéticas de Xohana Torres e de Claudio Rodríguez Fer en escritos como “A voz interna, conmovida, última. Análise temática da obra de Xohana Torres” (*Unión libre* 1, Do Castro, Sada, 1997, pp. 131-147) ou *Por un vocabulario galego do sexo. A terminoloxía erótica de Claudio Rodríguez Fer* (Positivas, Santiago de Compostela, 1996) e *O lume vital de Claudio Rodríguez Fer* (Follas Novas, Santiago de Compostela, 1999). E, en consecuencia, é a súa unha telúrica e carnal palabra núa e aberta ao descoñecido:

e cando mordo
de amor
furiosamente

os seus cus
 nas centeeiras
 inzámonos trasmundos
 en luceiras
 nós
 nus. (83).

E así estes versos veñen de moi lonxe e van aínda para máis alá. NÓS. NÓS SOS. NÓS NUS. Son tres elos dunha longa cadea de vida radical que nos une e espero que nunca nos ate. Tres estadios do novelo da historia que nos vai metendo cada vez máis dentro para mellor sacarnos cada vez máis fóra, levándoo todo. Primeiro foi o NÓS nacionalista de Castelao e Otero. E logo o NÓS SOS da vangarda independentista de Manuel Antonio. É agora o NÓS NUS libertario e espido de poder do pracer erótico. Neste NÓS van todos os outros envoltos nun novo e nño que os contén: o do soño da vida máis pracenteira discorrendo líquida e libre.

“Nós nus” é o nome da terceira parte do libro, a que se concentra de cheo na crónica dun amor enorme que, na concepción integral da vida que os propios versos irradian, dálle sentido á obra toda. E da forza creativa desa profunda paixón amorosa xorde un mundo novo de palabras vivas como lava de volcán que trastoca a orde mal-sá de todo o existente para abeirarse *ó son do triángulo* (79), é dicir, ao só impulso de vida:

de cómo fun cuarto crecente
 e cheguei aquí descalza e enloureirada
 de cómo me fluín por demoras de corpos
 desvariada
 de cómo rotei envolta en fentos dos proscritos
 e de cómo a ocupación dos equinocios.
 de cómo medrei das carballeiras,
 de cómo fun capaz de tanta barcarola
 e de cómo concibín a revolución nos nosos ventres.

 e é que eu son á vida
 o que a lava ó volcán. (67).

Por isto é tamén *Nós nus* o título do poemario ao completo, todo el, entón, texto erótico, aínda que conteña, como a auténtica poesía erótica, moito máis que poesía erótica. Pero “Nós nus” é ademais o título do poema final do apartado terceiro que o nomea e co que comezamos as nosas palabras, precisamente porque son esas as palabras que o definen: as que din da súa radical e extrema paixón de vida, da súa furia erótica contra a morte e da súa total apertura libertaria. Todas tan absolutas que ante os ollos non exaltados deveñen tráxicas, tal como as viu xa Vicente Araguas nos primeiros versos da autora.

E, aínda máis, *Nós nus* enlaza co exultante vitalismo que, coma leite quente, rebordaba xa en *A teta sobre o sol*, un parto primeirizo —escrito, non obstante con anterioridade a este *Nós nus*— roto en fervenzas de líquidos e estentóreos muares or-

gásmicos que na súa dedicatoria levaba xa esta declaración de erótica libertaria de entrega permanente: *A Blue, sempre nós nus*.

Mais este libro vén tamén de todas as mulleres tolas que soñaron antes e despois nos ronseis diferentes de Rosalía e de Virginia, aquí no extremo galaico e nos alós do norte e o sur do progreso xeado ou da penuria ardente. E vén ademais das múltiples voces dos nosos sabios amantes mariños desertos de poder que gardan *o intre preciso da novena onda* (39). Das fillas e os fillos do mar máis profundo. De todas as ousadas e todos os ousados que sedentos beberon nos mares que os afogaban—como dixo Xohana Torres de Rosalía—, desexando sós en liberdade. E así *A quen nos lambe con sede* é a homenaxe de amor da dedicatoria. Unha mensaxe erótica dirixida ao amante e aos amantes necesarios que recoñecen o leite de vida e atrévense a bebelo quente como reverte dunha múltiple muller solar, plena e luminosa, igual que se atreven a chuchar as augas interiores de *cadanseu tamaño de mar* (43) que conteñen as *mulleres da tribo entradas en auga* (15), todas elas enteiras *de mar aberto* (33) unidas como nun *canado de leite polo desfiladeiro* (19) con toda a forza femia do océano que as comunica en liña xenealóxica e de irmandade.

E vindo de onde vén *Nós nus* non contén outra cousa que paixón de vida e a súa poética é erótica: a poética do desexo e a poética do pracer en rica polisemia confundidas nunha linguaxe de encarnadura múltiple que, contra a metafísica do verbo, fai das palabras carne e fai das liñas da pel escritura, como ocorre na *cova das uces*:

era aquel espacio primordial seda
e lousa en que escribía a túa pel con xiz
e unha forma curva a me asolaga-las tempos. (37).

Desta maneira créase un texto que contén toda a dor e todo o pracer das experiencias sentidas e que é a tatuaxe mesma da vida impresa nos corpos amantes e multiplicada na materia da natureza:

coa miña pel podes facer enxertos nas mazairas.
algunhas conservan estirados os nomes que gravei a navalladas
tódalas tardes ó volver da escola. (25).

Porque non só é esta unha poética erótica do material e concreto na que se acompañan o pracer e o desexo dos corpos e das palabras, senón tamén unha poética dos traballos e os días no discorrer da vida agraria e gandeira, no avalar das estacións ao pé do arado, cabo das árbores que dan froitos e no medio dos animais que latexan. E é así como o pulo expansivo desta erótica tremendamente aberta proxecta a figura do amante no trazo do horizonte ou a propia pel na cortiza das mazairas, como fai do traballo mesmo da escrita e das ocupacións amorosas uns labores de campo. A autora está metida de cheo na vida da aldea e todo o que fai faino como se seguise sempre en Vilarmao. Tanto no amor, sempre *hortal* (29), *herboso* (17) e de *solsticio* (39), que a fai *sachar en ti / ou pasar por derriba da terra* (23) e declararse *verde coma todo o que poboa / o meu xeito de entrar polo mundo* (29). Como na realización do desexo poético e erótico, sempre polo camiño *ilimitado* (33):

abrías cancelos ós contornos das cousas,
querías formar parte da codela dos nomes e dos números
e atuarme toda enteira de mar aberto.

todo che era o rebumbio e a vella mudanza dos astros
ó pé do arado,
a captación do acorde rotundo
para turrar dos bois ó rego do poema.
e desvela-las albas a un só roce de folla.

mais todo se vai trocando nun encabar outonizo
de espigotos maduros noutros modos de vida,
atentos só ó balanceo dos corpos
e á ciencia oculta
da seitura acordada na palabra. (33).

Ao principio tamén, antes da entrada, as citas do surrealismo libertario de Joyce Mansour, a esquecida autora reivindicada como remate no colofón, e Andre Breton testemuñan o radicalismo vital da arte erótica deste libro: *Gústame amar acodada a unha besta e Xa que ti existes, como só ti sabes existir, / tal vez non era necesario / que existise este libro*. As súas declaracións apuntan tamén a orixe surreal desta poética na que as palabras libres nacidas como brota a auga no lugar fecundo do desexo (39) agólpanse, amadas e ricas, en aluvián, contra o prohibido, porque a poeta é ela mesma o *tabú* que rompía a vangarda surrealista (75) ademais de *fácil muller de chuvias e tormentas* (17) que crea un mundo de enchenta húmida e líquida para afirmar a existencia en plenitude, escorregando pulos vitais de ledicia no triste *tempo sen nada* (19) da historia, *coma unha tromba sobre os lameiros en días sen auga* (69).

Entrada ao lugar dos cabalos

E se seguimos lendo non facemos máis que confirman ese vitalismo exaltado. O longo poema-pórtico a modo de poética co que comeza o libro dános precisamente a “Entrada ó lugar dos cabalos”, o sitio da vida animal en salvaxe liberdade que é o espazo desta poesía indómita de poldras e de cervas e de tigres e de xuencas e de rabaños de cabras, tamén de cans, de vacas e de bois e de todos os animais que alimenta nos cortellos (12). Por isto a poeta é pastora que nas voces dos versos afala a súa fauna e recolle as mensaxes dos muxidos, dos ladridos, dos ouveos, dos zonidos todos. Mais ela ten un animal preferido, é o *compañeiro pagán* (39) que ama e que non ten outro que lle imite porque brúa no ventre dela coma un trono (39). Para el, que a lambe curando a ferida, escribe a erótica animal que é todo o libro. Porque esta muller, sabíamolo xa, é *tratante de palabras / como de gando* (1996: s. p.) e, sabémolo agora, está *acostumada a tirar por un poema como por un becerro cando se lle ven as patas* (25). E isto nótaselle, confesa que lle din: *nótaseche que vivides das vacas. Aínda nóta-lo agre olor do leite callado cando escribes poemas para o / home que amas* (11). E se *non hai máis que cabalos* (11) onde ela vive é que non hai máis que desexos monteses, por isto sóñase cabalar a facer o amor *no xardín flotante do mar / coma unha poldra no lombo das canoas* (73). E na páxina derradeira, aínda despois de to-

dos os praceres de todos os versos, volve virarse animal ante a morte, na “Naenia” final coa que o libro conclúe nunha fermosísima declaración, tremendamente tenra, contra a morte e a favor de eros: *ESTA SERÁ NA MORTE / A MIÑA ÚLTIMA PALABRA: / QUEN ME DERA SER GATA / PARA VIVIRTE SETE VECES* (87).

A forza bestial do instinto animal enche estes versos dándolles un radical entusiasmo vitalista que se propaga a través da consciencia de todos os sentidos desde os corpos da muller e das mulleres, do home e dos homes e das bestas á materia vexetal, a mineral e aos líquidos e os gases todos da natureza, nun delirio material e cósmico. E así a vertixe do proceso ininterrompido da vida acéndese acelerada polo desexo en liberdade, revolucionándoo todo co contacto en cadea á velocidade da luz, nun torrente de palabras táctiles de carne e de terra con recendos de *líquidos íntimos* (25). Porque esta muller *non cre no que non toca* (62), non di do que non sente e fala desde o corpo notando o *corazón coa terra removida* pisado polos bois (12), e fala desde o máis *dentro*, onde lle medra a *semente coma pedra dura* (12) e de onde saca pola boca palabras que son rochas (64) expulsadas desde o centro ígneo do volcán, seu útero *a escachar en pitelos* (64 e 33). Entón o seu vitalismo exultante, materialista e sensual, chega a abranguer *tódo-los ciclos do entusiasmo* e traspasa os *aromas tristes* en liberador *pracer excesivo* (17).

Porque é esta tamén unha creación absolutamente explosiva e excesiva, disparada cara á liberdade abismal descoñecida. A poeta é de xínea volcánica, ponse *vesubia* (23) e convoca a detonante forza de empuxe dos diversos fenómenos rebordantes da natureza para levalos ata o esgotamento final con todas as súas consecuencias, sen temor a asumir os riscos e afrontar a dor. As súas *ventoeiras, trombas, dioivos, aluvións, volcáns, maremotos e cataclismos* son as da vida cotiá vivida con intensidade, e así, libre, arríscase aos extremos do desígnio amante, como se arrisca ás demandas do sexo ou a transitar polo camiño, tracexado sen límites e cercado polas balas da represión. E así di: *estou a punto de ceibarme / e arríscome a ti cando veño vesubia* (23) e *es muller cando o que choras son anacos de sal e che caen ós pés en forma de gotas de sangue* (12) ou *este en que estou camiño é das fumarolas. // ía de ti a min ilimitando campazos* (33) e *eu comín as túas raíces sabendo que o veneno me abrasaría a gorxa. // o meu avó ensinoume a vivir rozada polas balas* (35).

Porque tamén é esta unha poesía absolutamente radical que fai saltar os centros e os límites das estruturas impostas. Por un lado vén do profundo, arrastrando consigo as raíces máis ocultas na terra, na historia e nos corpos. Así recolle a semente rebelde dos marxidados, tal que o avó ou a nai, as cousas gardadas desde vello nas palabras do principio coñecidas desde nena e a revolución pechada na polpa dos ventres ou da pel, as materias máis profundas. Por isto a fuga cara atrás enche de tantas orixes estes versos nados no punto cero dos comezos:

a min déronme a luz no centro mesmo dos castiñeiros,
e agora ando ás areas de madrugada
cando me vén a garúa pola planta dos pés,
e sosteño cantareiras de ritual menor.

digo que estou preto dos estrondos das runas,
 paso moi lentamente por outono,
 e digo
 que eu vos amo
 desde a polpa. (71-72)

lembro ter sido
 todo xénero de canto de pole
 ou algún lugar de fascinación dos renos.

[...]

eu non sei cómo non esgotei
 as posibilidades de cen tipos de neve.

contigo común as raíces da vida primeira,
 escampo e sei
 que acabarei saíndo dos ubres das vacas

a chorros. (18).

Mais por outro lado vai en todo sempre máis alá, aberta cara á liberdade, nunha fuga permanente para adiante, *fóra de si mesma* (62), en *extravío* (75), para mellor saberse. A radicalidade leva, pois, á ruptura total, á liberdade máis aberta, á paixón libertaria vivida en todos os ámbitos da existencia:

déranme un fardo de brisas
 pero eu detíñame nas túas ventoeiras
 porque non curan o mal das lagoas
 nin a forma máis antiga de ser bosque.

quería saborear tódalas feituraas
 da explosión do ocre,
 resolve-los aromas tristes
 en pracer excesivo
 e desnorta-lo repouso
 coma escindi-lo corpo
 ata conseguí-las últimas figuras
 da caída libre. (17-18).

Por isto é esta igualmente unha poesía incandescente, de paixón ardente que cuspe *lava* contra a melancolía que nos deu a historia e abrasa o seu dano queimándoo na mesma raíz da morte, exaltando o corpo, a terra e o cosmos e as xentes todas que viviron a vida con intensidade e ergueron contra o cerco mortuorio soños absolutamente fermosos. Entón todos os poemas deveñen vehemente festa corporal e comunal orxía vital:

imos cruza-las vastas chairas
 con todo o gando espaxado
 como van os elefantes
 na hora precisa sen tristeza nos ollos.
 albiscarémolos leiros da ferroia alta,
 e diremos que foron sementados por nós.

estaremos presentes
 cando saíades como as amoras
 nos silveiros
 a ferrados
 e tamén cando máis tarde subades ás canellas
 por ver cómo río vos cabe nas olas de barro.

e cando chova a cachón
 non estaredes sós.
 viredes mancados coma nun louco fervor de grilos
 ó enxoiro das vaxinas
 e á mornura de souto das nosas pernas,
 e desexaredes permanecer nas matogueiras
 coma o gran,
 a forza de roda de muíño. (81).

Partida dentro das aves

E así constrúese o propio libro en tres partes indisolublemente unidas. A primeira, “Partir dentro das aves”, con referencias explícitas a Isabel Pulquério e Hélène Cixous, tamén está bautizada co título do seu poema final, o que a explica como un canto a esa liberdade absoluta, concibida desde un ser de muller concreta e artellada como unión libre total de paixón cósmica e amor comunal libertario:

coa nudez máis acantilada que puiden
 e alí mesmo souben
 que ti me outorgaras
 tódalas gamas de cor da voz
 e era capaz da transparencia
 e da memoria
 coma de estender a clareo
 o voo
 e a libación dos sexos.

estalei como a nacer
 naquela horada múltiple
 de ofrendas de xenitais
 e insistín neles
 ata que nós e tódalas outras
 conseguimos partir dentro das aves. (44).

Deserción libertaria

O voo libre total desta primeira parte conduce directamente ao mundo da segunda, o de “As desertoras”, un cosmos explicado tamén na súa longa composición final “que mollada entres no aquelarre”, que non é outra cousa que unha poética feminista, definidora, ademais, de todo o libro. Nela cífrase esa *outra dimensión das cousas* vividas e creadas por *mulleres libres*, nunha poética *máxica e subversiva*, de *aquelarre*, salferindo mollados coa *forza da maré* (64) contra o mundo que nos deron,

contra os acantilados da experiencia da morte no tirón da palabra que busca (64). E é así esta unha verba distinta, cunha *entoación moi oculta* (49), de excepcional *son alucinante / ó extraordinario* (49) e cunha *nova maneira de estrutura-las cores* (51) nunca vista. Porque leva a linguaxe viva dun outro mundo que emerxe ardente desde as vellas cinsas. Di a poeta bruxa:

a buscadora de gran
 agarra coa man carbón ardendo
 ela é a que fala desde o escombros.

aprende a brasa
 e así como sénte-la ruptura, ela retorna a escribir no ventre femia animal,
 con luz escasa. (61).

E entón exalta un mundo múltiple de mulleres soltas e *ceibas* (23), de *loucas libres* (31), de *nenas tribais e tremendas* (53), de *mais enormes amadas, meigas e hippies* (19), reunidas nunha *revolta* (62) e *revolución* (67) que as transfigura, con toda a forza da inocencia, da lucidez e do amor á liberdade, e as une ás *devanceiras* (15), *pavieiras* (47), *uránias* (47), *azarosas* (49), *faunas* (49), *outonizas* (51), *balnearias* (60) e *herbosas* (17) que as precederon ou acompañan e son en certa maneira outras emanacións posibles delas mesmas. Todas conforman o grupo cómplice das *desertoras* (45 e 47) do poder, habitantes dun universo dourado de harmonía no que as femias deambulan intensas, potentes e plenas, rodeadas de si mesmas e de corpos de homes tamén ceibes afeitos ás augas e aos lumes. E así ten lugar a explosión dunha utopía que anula os xéneros e que se expande por todos os versos do libro estoupando no *cataclismo* da “*xoldra*” definitivamente creadora e absolutamente fermosa:

e foi así que houbo grande festa
 e coñecemos xuntos o dobrarse dos fentos
 e a batida en rompente da metade do día nos nosos cus.
 [...]
 e xa non podemos deternos porque acadamos
 a dimensión dos camiños
 e a lucidez dos menhires.

houbo despois
 no encontro das paraxes de peles
 a idade final
 dos cataclismos. (77).

Porque o corpo núo e a voz interna dunha muller escribe este libro como llo pide o seu desexo máis profundo e nel vai toda a súa vida. E sáelle o *Anima+l*, e sáelle o *Ólisbos* e sáelle a *Unión libre*.

A POESÍA IMPRESCINDIBLE DE A COUSA VERMELLA

A *cosa vermella* preséntase baixo o signo da vida con cuberta en vermello e negro sobre un poema visual, “A vida”, de Claudio Rodríguez Fer, para abrirse no

primeiro apartado co manifesto “Antes a vida”, unha bretoniana proclama vitalista pola autenticidade e contra o simulacro que anuncia: “antes a vida a folga do meu nome a manifestación en alto / do primeiro momento / dos amantes” (11). Este introito anuncia, como logo o libro confirma, que a autenticidade se manterá en toda a obra, porque poesía é verdade e non teme manifestarse ousada, como “ousada Cousa Vermella que dis canto pensas”, dos primeiros aos últimos versos do poemario. Segue despois o apartado “Amar é unha india”, un canto erótico, corporal, material, naturalista e cósmico do pracer de vivir, no que se fala da “reserva do territorio habitable” (37), e da mente e do corpo dela, e da mente e do corpo del, facendo unha exaltación de libertarismo integral en versos como “soamente se pode conquistar o pan como se conquista o amado” (39) ou “andas amando polo mundo coma un can sen dono / por iso xamais fuches dono das cadelas que amas” (40). A continuación vén o mar, no apartado “Marea negra marea branca”, que nos leva ao negro horror do mar no que afoegan as mareas humanas que fuxen do continente africano e con el a todas as negruras do mundo pero tamén ao branco da fermosura do mar da Coruña e da loita incansable para ser feliz. E destes dous mares, opostos como a vida, pasamos a “Vilarmao”, o apartado cuarto onde a vida se manifesta como “unha nena xogando a pleno sol cun alacrán” (60) e onde a poeta desenterra, con moitísimo amor, as raíces familiares dolorosas do traballo, da emigración, da enfermidade, da pobreza e da esquerda para esconxuralas e darlles a forza de vivir coa forza esgazada do seu canto. Nesta parte, como xa na anterior e logo na seguinte, vemos entrar a dor, o sufrimento, a desgraza, a tristeza, o lamento, o desengano, o inferno, a fame, a guerra e a morte, males todos contra os que se loita desesperadamente ata o ladrido e o oubeo revolucionarios, que conteñen toda a forza apocalíptica das cadelas e das lobas rebeldes e subversivas. Wolf, Wolf, como Virginia Woolf. E contra a dor e as dores, o clamor e os clamores do apartado quinto, “A corazona clama”, onde a poeta saca “o corazón á superficie” (104) e fai do mal ben, co seu característico furibundo vitalismo tráxico, que a leva a dicir cousas como “non sei vivir doutra maneira / se non é enferma de ter feras ó límite por dentro” (92), e coa súa coñecida poética obscena e lasciva, confesada en versos como estes: “son lasciva acaso porque [...] / levo en carne viva un a un tódolos versos / porque me doen máis có sal cristalizado nos músculos vulvares” (92). O ton faise un pouco máis sereno no apartado sexto, “Magnalia”, que é un canto á necesaria harmonía da vida e do mundo a través da exaltación do amor e da materia esencial dos cinco elementos clásicos da natureza: auga, terra, ar, lume e eter. E a obra remata, no apartado sétimo, co poema que lle dá título ao libro e que encerra a clave última do seu sentido, “A cousa vermella”, onde mente, corpo e corazón se xuntan, como se integran sempre nos actos necesarios da vida pléna, do amor e dos amores necesarios. Así o proclama en estoupido de expansión orgásmica a *cousa vermella* para que a vida transcorra sen atrancos e campe no mundo a alegría, pois “todo / meus amores antigos e futuros e inequívocos parias / é tan triste fóra / do círculo roxo” (132)... Así é, pois, esta *cousa Vermella*: fermosa, brillante, vital, ousada, verdadeira, libertaria. Imprescindible. Como todo o “novo mundo” de Olga Novo.